



O cultivo do **mexillón** ten una gran relevancia socio-económica en Galicia, sendo a **principal actividade do sector acuícola** na comunidade. Porén, a obtención de semente para o seu engorde en bateas segue a depender principalmente da extracción de mexilla do medio natural, así coma da captación en cordas colectoras, que penden das bateas.

A alta variabilidade natural deste recuso e a súa importancia socioeconómica para Galicia avalan a demanda de **levar a cabo un estudo en profundidade da súa dinámica**, das súas posibilidades de aproveitamento e do seu impacto ecolóxico, así como da procura de alternativas para abastecer ao sector co obxectivo de facerlo mais resiliente e sostible.

O proxecto APROMEX aborda estes retos en tres actividades:

ACTIVIDADE 1

O análise das poboacións de **mexilla** no **intermareal rochoso** e a súa explotación nas costas galegas, así como a presenza doutros recursos que cohabitan no intermareal rochoso (percebe) coa axuda de novas tecnoloxías.

ACTIVIDADE 2

A avaliación de novos sistemas de **captación** de **semente** en estruturas tipo *long-line* para a provisión de mexilla ao sector e contribuír á sustentabilidade do cultivo do mexillón.

ACTIVIDADE 3

O desenvolvemento de sistemas de **produción** de **semente** en condicións controladas de **criadeiro** como alternativas á captación de mexilla do medio natural.






www.apromex.gal

Proxecto promovido pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, desenvolvido polo persoal técnico e investigador do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) co apoio técnico do Centro Tecnolóxico del Mar- Fundación CETMAR.

Cofinanciado pola Unión Europea a través dos Fondos FEMP.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP.
Cap. II Desenvolvemento sostible da acuicultura.
Artigo 51 Aumento do potencial das zonas de produción acuícola.
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75% FEMP e 25% Estado membro.



Análise da poboación de **semente** de **mexillón** e avaliación de novos sistemas para a súa captación do medio natural e para a produción en criadeiro.